

Alumnos de formación profesional visitan esta tarde o viveiro de empresas

Ferrol. 11/03/2010. Un grupo de 17 alumnos de formación profesional visitarán esta tarde o viveiro de empresas da Cámara de Comercio de Ferrol para coñecer as actividades que desenvolve e reunirse cos emprendedores alí aloxados.

Os alumnos cursan ciclos de Xestión Comercial, Educación infantil e Axencias de viaxes no CIFP Rodolfo Ucha e no IES Sofia Casanova, centros que foron seleccionados para participar no programa *FP Avanza* que busca detectar inquietudes emprendedoras entre o alumnado.

Trátase dunha iniciativa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que se desenvolve en colaboración con BIC Galicia.

Persoal do servizo de creación de empresas da Cámara ofreceráalles a estes mozos unha presentación do viveiro e dos seus servizos. Seguidamente, realizarán unha visita guiada polas instalacións e manterán unha reunión informal cos emprendedores.

O coñecemento do viveiro, das súas actividades e o contacto con persoas que están poñendo en marcha unha iniciativa empresarial considérase un elemento relevante para que estes estudantes teñan información de primeira man das infraestruturas e servizos de apoio que existen.

Trátase, así mesmo, de que compartan experiencias e inquietudes cos protagonistas dos procesos de creación de empresas para que poidan animarse a seguir os seus pasos.

